



ANEXO V: NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA

NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA

HORARIO

- A Biblioteca estará aberta a disposición dos alumnos durante o recreo.
- Tamén haberá servizo de biblioteca en xornada de mañá de 08:45 a 14:15 horas , e en xornada de tarde, os luns, de 16.00 a 17.45 horas.
- Nos dous casos poderanse realizar préstamos e devolucións.

NORMAS XERAIS

A biblioteca é un centro de recursos para a ensinanza e o aprendizaxe destinada á utilización por parte de toda a comunidade escolar así como as persoas autorizadas do entorno.

- Non se pode entrar hasta que o/a profesor/a de garda da biblioteca estea presente.
- Débese manter limpa a biblioteca, cun uso correcto do mobiliario e dos materiais.
- Os libros e revistas non se poden deixar nas mesas. Deberán volverse a colocar no lugar dos que foron sacados.
- Non está permitido introducir comidas nin bebidas.
- Cada usuario/a estará en silencio para permitir o traballo dos demais.
- Non está permitido o uso do móbil, nin de reprodutores de son algún.
- Os usuarios/as conservarán e tratarán con coidado o material e no caso de deterioro veranse obrigados a repoñelo.
- En ningún caso poden retirarse libros sen o pertinente rexistro escrito. Non se poderán sacar fondos sen que previamente sexa consignado no programa MEIGA do ordenador polo profesor/a de garda de biblioteca.
- Teranse os libros en préstamo un máximo de 15 días. Se o/a alumno/a necesita máis tempo debe renovar o prazo presentando o libro na biblioteca. En ningún caso poderase dispoñer do libro durante máis tempo. O/a alumno/a que incumpra esta norma non poderá utilizar os libros da biblioteca durante un tempo que se determinará en cada caso.
- A non devolución reiterada de libros á biblioteca conlevará á suspensión da condición de usuario do servizo.
- O/a alumno/a que, tras ser avisado/a de maneira reiterada, non devolva un exemplar, recibirá un último aviso no que se lle emprazará a devolver o exemplar ou o seu importe equivalente en euros no prazo dunha semana, a partir de dita notificación. Se así non o fixera, será obxecto de que se lle abra un parte de incidencias.
- Cada alumno/a é o responsable dos libros que teña en préstamo. Estes deben devolverse en perfecto estado. Se non fose así o/a alumno/a debe substituílo por outro novo ou abonar o seu importe.
- Os dicionarios, enciclopedias e obras de carácter xeral non se prestan. Poden ser consultadas na mesma biblioteca.
- Cada alumno/a pode ter prestados un máximo de tres materiais ao mesmo tempo.
- Os profesores do centro ateranse ás mesmas normas que os alumnos no referente ao préstamo de libros.
- Cando se utilicen libros dentro da biblioteca é preciso anotar o título e autor do libro, así como o nome e apelidos da persoa que o utiliza nun rexistro preparado para iso.





USO DOS ORDENADORES

O servizo de uso de ordenador na Biblioteca do instituto é gratuíto. É un servizo destinado de maneira preferente á procura de información para a realización de traballos por parte dos alumnos así como a favorecer o seu estudio.

- O horario é de 08:45 h a 14:15h polas mañás, nos recreos , e de 16:00h a 18h30 polas tardes de luns a xoves.
As sesións terán unha duración máxima de 20 minutos no horario de tarde, e de 10 minutos no horario de mañá, durante o recreo. Isto faise para favorecer o uso de todo/a alumno/a que o demande. Non obstante, se durante o tempo de uso quedaran ordenadores libres, poderase alargar ese tempo.
- Excepcionalmente, se un alumno mostrase a súa necesidade urxente de utilizalo cun fin exclusivamente académico e de traballo escolar fora dese horario nas tardes, é dicir, no tramo de 16:00 a 18:30 horas, permitiráselle o seu uso.
- Os ordenadores usaranse de maneira individual ou por parellas.
- O/a alumno/a comprométese a usar correctamente os equipos informáticos.
- Non está permitido cambiar a configuración dos equipos, nin instalar ou gravar software ou cambiar iconos, pantallas, etc.
- Cando termine a sesión débense pechar todas as ventás que foran abertas durante a conexión.
- Non se pode usar o ordenador para:
 - acceso a páxinas de contido violento o racista, de contido erótico ou pornográfico, etc
 - uso de programas que non sexan Internet
 - cambio de iconos, pantallas, etc
 - gravación de arquivos no disco duro
 - participación en Chats
 - non se poderá acceder ás páxinas de *Youtube*.
 - descargar o acceder a xogos, que non sexan de contido cultural como o "trivial".
- En todo momento hai que permanecer en silencio.
- **Impresora:** Os alumnos poderán imprimir os seus traballos de clase. Deberán aportar eles mesmos os folios que necesiten.

Incumprimento das normas

- A utilización deste servizo de uso de ordenadores supón a aceptación destas normas e o seu incumprimento dará lugar á perda de uso do mesmo.
- Calquera falta de comportamento ou de disciplina no ámbito da biblioteca terá as mesmas sancións que no resto do espazo escolar. É dicir, os alumnos poden ser igualmente obxecto de partes de amoestación e de partes de incidencias.
- Como norma xeral, se un/unha alumno/a chegara a ser amoestado/a cun deses partes, será privado do uso da sala de biblioteca e dos seus ordenadores por espazo dunha semana, como mínimo.

